

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e dous de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(643).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(644).- CORRECCIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO CORPORATIVO DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/05/15, da xefa do servizo de Contratación que di o seguinte:

“*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 24 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou declarar o desistimento no procedemento aberto para procedemento aberto para a contratación do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento (expediente 7075-113).

No fundamento xurídico terceiro do acordo detectouse un erro material o citarse o punto 5 do modelo de proposición, en vez do punto 6 do mesmo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- No segundo parágrafo do fundamento xurídico terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, de desestimento no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113), se dispón que:

“No modelo de proposición previsto no apartado 7.B da FEC, se establece con relación ó citado criterio de adxudicación que:

“5.- (O licitador) Se compromete a que os dispositivos de impresión que subministre terán as seguintes características de hardware:

| | <i>Tipo dispositivo segundo PPT</i> | | | | | |
|--|-------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| <i>Características / Pi</i> | <i>Tipo 1</i> | <i>Tipo 2</i> | <i>Tipo 3</i> | <i>Tipo 4</i> | <i>Tipo 5</i> | <i>Tipo 6</i> |
| <i>Velocidade de impresión</i> | | | | | | |
| <i>Memoria</i> | | | | | | |
| <i>Capacidade carga de papel dos equipos</i> | | | | | | |
| <i>Finalizadores, cargadores</i> | | | | | | |
| <i>Velocidade de resposta á primeira impresión (en frío)</i> | | | | | | |

No entanto, o criterio incompleto que motivou o acordo de desestimento, por canto ó faltarlle datos non é posible interpretalo, e o recollido no apartado 7.B da Folla de especificacións do contrato, no modelo de proposición no punto 6 que dí:

“6.- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte tabla (IVE incluído)

| | Tipo dispositivo segundo PPT | | | | | |
|-----------------------------|------------------------------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Anualidade do contrato / Pi | Tipo 1 | Tipo 2 | Tipo 3 | Tipo 4 | Tipo 5 | Tipo 6 |
| 1ª | | | | | | |
| 2ª | | | | | | |
| 3ª | | | | | | |
| 4ª | | | | | | |
| 5ª | | | | | | |

É preciso, en consecuencia, corrixir no acordo de desestimento a referencia ó número 5 do modelo de proposición pola referencia o número 6 do mesmo.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar no segundo paragrafo do fundamento xurídico terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, de desestimento no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113) a referencia ó número 5 do modelo de proposición recollido no apartado 7.B da Folla de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares, substituíndoa pola referencia ó punto 6 do citado modelo de proposición que dí:

“6.- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte tabla (IVE incluído)

| | Tipo dispositivo segundo PPT | | | | | |
|-----------------------------|------------------------------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Anualidade do contrato / Pi | Tipo 1 | Tipo 2 | Tipo 3 | Tipo 4 | Tipo 5 | Tipo 6 |
| 1ª | | | | | | |
| 2ª | | | | | | |
| 3ª | | | | | | |
| 4ª | | | | | | |
| 5ª | | | | | | |

2º.- Incorporar un apartado 4º o citado acordo do seguinte tenor “Contra a presente resolución se poderá interpoñer recurso especial en materia de contratación ante o “Tribunal Administrativo

Central de Recursos Contractuales” no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa notificación.

Se incorpora ó presente acordo o texto corrixido da resolución de desestimo no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113).

3º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que teñan presentado oferta neste procedemento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(645).-.- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOCE AXUDANTES DE OFICIOS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 26565/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/05/2015, dáse conta do informe-proposta di 18/05/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

“Antecedentes:

Con data 20 de xaneiro de 2015, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas de quince vixiantes de instalacións municipais pola escasez de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais e, as recentes xubilacións de empregados municipais.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o pasado 11 de maio remataron os nomeamentos interinos dos vixiantes porteiros nos CEIP “Virxe do Rocío”, “Candean-Fonteoscura”, “Chans-Bembrive”, “Sello-Cabral”, “Coutadas-Teis”, “Igrexa-Candean”, “San Salvador” e, “Ría de Vigo”, ademais dos E.E.I. “Monte do Alba”, “Villalaura”, “Cristo da Victoria”. Así mesmo, causou baixa por xubilación o pasado 09/05/15 o vixiante porteiro do C.E.I.P. “Beade-Coutada”, sendo imprescindible a súa reposición.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 04 de maio actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino de doce dos quince axudantes de oficios por acumulación de tarefas solicitados, por un período máximo de seis meses, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de data 20 de xaneiro de 2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios, segundo informe técnico que se achega ao expediente, dos seguintes aspirantes que aceptaron expresamente o mesmo: 9-Quintas Pérez, José Juan, 71-Asensio Rodríguez, Adonis, 72-Alvarez Gómez, Angel Gabriel, 73-Sanmartín Lago, José Salvador, e 44-Basalo Domínguez, Antonio, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

O referido expediente non pudo ser materializado na súa totalidade na data na que o Sr. Concelleiro ordenou poñer en marcha o expediente, ao existir unicamente cinco candidatos/as en condicións de ser nomeados/as, toda vez que ningún outro cumpría nesa data (04/05/15) o período mínimo de seis meses dende a data do seu derradeiro nomeamento, tal e como o dispón o art.10-1.d) do EBEP.

Segundo consta no informe técnico que se axunta ao presente expediente, con data 12/05/2015 os aspirantes núm.s 2-Arroyo Muñoz, Francisco, 3-Mera Aira, Arturo, 4-Prieto Almaraz, Alejandra, 6-Ballesteros Vázquez, Oscar, 7-Otero Fervenza, José, 8-Couso Suárez, Enrique Fdo. e, 10-Fernández Pereira, Francisco, que xa foron propostos con ocasión do expediente 25178/220 de vixiantes para o Servizo de Educación, rematando o nomeamento o 11/11/14, cumpren o período mínimo de seis meses dende que causaron baixa neste Concello, polo que cumpren o requisito establecido no apartado d) do art. 10.1 do EBEP, polo que foron novamente requiridos para este novo nomeamento, aceptando expresamente o mesmo e, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os catro aspirantes propostos num.s 9, 71, 72 e 73, levan mais de seis meses dende que remataron o seu derradeiro nomeamento interino como axudantes de oficios (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24448/220 e 24055/220 aprobados pola Xunta de Goberno Local na súas sesións de datas 31/10/13 e 03/05/13, rematando os mesmos en data 03/05/14 e 05/11/13, respectivamente, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o día 04/11/14 e 06/05/14, respectivamente. Respecto do aspirante nº 44-Basalo Domínguez, Antonio, que presentou unha primeira renuncia con ocasión da elaboración do expediente 25127/220, está en condicións de ser novamente dende o 15/10/2014.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores "normas reguladoras, foron requeridos/as os/as doce aspirantes da lista de substitucións referida aos que lle corresponde ser nomeados, que se corresponden cos aspirantes nºs 9-D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B, 71-D. ADONIS ASENSIO RODRÍGUEZ, DNI 36.157.447-K, 72- D. ANGEL GABRIEL ÁLVAREZ GÓMEZ, DNI 35.993.183-T, 73-D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO, DNI 36.022.167-G, 44-D. ANTONIO BASALO DOMÍNGUEZ, DNI 44.470.237-J, 2-D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, DNI 50.097.360-W, 3-D. ARTURO MERA AIRA, DNI 32.818.670-Q, 4-Dª. ALEJANDRA PRIETO ALMARAZ, DNI 70-873.827-V, 6-D. ÓSCAR BALLESTEROS VÁZQUEZ, DNI 36.158.387-H, 7-D. JOSÉ OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G, 8-D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUÁREZ, DNI 36.050.235-N e, 10-D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, DNI 36.140.031-Q, os cales manifestaron a través de escritos de datas 06/05 e 12//05/15 optar aos referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, merito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso

ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 218-vixiante de instalacións municipais da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Ley 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización del Sector Público y otras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
 - 1. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.n) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial, como servizo público esencial, informábase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Servizo de Educación anexado ao expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 125.497,44€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 47.187,06€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de Oficinas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas

necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito de 20 de xaneiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 125.497,44€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B, D. ADONIS ASENSIO RODRÍGUEZ, DNI 36.157.447-K, D. ANGEL GABRIEL ÁLVAREZ GÓMEZ, DNI 35.993.183-T, D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO, DNI 36.022.167-G, s D. ANTONIO BASALO DOMÍNGUEZ, DNI 44.470.237-J, D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, DNI 50.097.360-W, D. ARTURO MERA AIRA, DNI 32.818.670-Q, D^a. ALEJANDRA PRIETO ALMARAZ, DNI 70-873.827-V, D. ÓSCAR BALLESTEROS VÁZQUEZ, DNI 36.158.387-H, D. JOSÉ OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G, D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUÁREZ, DNI 36.050.235-N e, D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, DNI 36.140.031-Q, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 da Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, modificado pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público y outras medidas de reforma administrativa, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso será obligatoria a dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(646).- INADMISIÓN DA SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN NO P.P. O POMBAL. EXPTE. 243/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/05/2015, da técnico de Admon. Xeral da XMU, conformado polo xefe de infraestruturas e urbanizacións que di o seguinte:

“O Plan Parcial O Pombal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o día 28.09.1998, definiu un ámbito de Solo Urbanizable Programado (segundo terminoloxía da LASGA) a desenvolver polo sistema de compensación.

O 25.01.1999 e 25.06.1999, o Consello da XMU aprobou respectiva e definitivamente os proxectos de compensación (sometido a información pública DOG nº. 113, do 12.06.2000) e urbanización (sometido a información pública DOG nº. 60 do 29.03.1999) do ámbito.

En data 17.07.2006, a Xunta de Goberno Local acordou recibir parcialmente as obras de urbanización nos termos e condicións previstas nos informes técnicos e xurídicos obrantes no seu expediente administrativo, solicitada para os viais DL-1, DL-2, CA-4, CA-5 e CA-9, ademais do <Ensanche y Mejora de firme del camino Bajada a Pontenova>, segundo consta no informe do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos de día 04.05.2006.

O PXOM/08 incorporou a API-43 POMBAL coa delimitación que se reflicte no plano da súa correspondente ficha.

O 26.04.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130047130) un escrito de D^a. M^a. Teresa Eiras Criado manifestando que a rúa Francisco de Sales é de titularidade privada e que non se inclúe dentro da urbanización do Plan Parcial O Pombal. Ademais, afirma que, segundo resolución xurisdiccional, as tuberías e instalacións dese camiño deberían ser retirados. O día 04.07.2013, a enxeñeira técnica de obras públicas da OSPIO emitiu o seguinte informe a respecto do manifestado por D^a. M^a. Teresa Eiras Criado: "(...)1 "sobre titularidade dos terreos" Aínda que a esta oficina non corresponde informar sobre a titularidade dos terreos, segundo documentación aportada por D^a. María Teresa Eiras Criado existe unha notificación do Concello sobre este asunto. 2 "sobre os servizos urbanísticos da rúa Francisco de Sales". Solicitouse a Aqualia informe sobre este extremo. Acompáñase copia do devandito informe. Non existe servizo de iluminación pública. 3 "Se o manifestado no dito escrito ten incidencia no actuado no expediente de referencia ata o momento". Tal e como sinala o informe de Aqualia a rede de saneamento e abastecemento da urbanización P.P. O Pombal é independente das redes que discorren por Francisco de Sales e polo tanto, NON AFECTAN ao seu servizo nin de abastecemento nin de saneamento. En canto á iluminación pública xa se contestou que en Francisco de Sales non existe iluminación pública e na urbanización a iluminación é independente da devandita rúa. CONCLUSIÓN: O exposto no escrito presentado por D^a. María Teresa Eiras Criado non ten incidencia no actuado no expediente de referencia ata o momento". A Xunta de Goberno Local acordou recibir a obra urbanizadora restante o 08.11.2013.

O día 17.12.2014, tiveron entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140154130 e 140154036) os escritos presentados no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno en Ourense o 12.12.2014 por D. Eduardo Mazaira Pérez, en representación de D^a. M^a. Teresa Eiras Criado, solicitando os permisos administrativos oportunos para a execución, segundo afirma, das sentenzas do Xulgado de 1^a Instancia nº. 2 de Vigo e da Audiencia Provincial de datas 18.04.2006 e 16.03.2008, así como o inicio de expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador fronte a 250 chalets, corte do tráfico rodado nos viais circundantes, revisión de oficio, ilegalidade ou improcedencia da recepción das obras de urbanización e incoación de expediente de indemnización se a Administración o estima oportuno (xunta copia de apoderamento outorgado a favor de D. Eduardo Pérez Mazaira, o que parece obedecer a un erro material).

O 28.01.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150011605) o escrito presentado na Subdelegación do Goberno en Ourense o 23.01.2015 por D. Eduardo Mazaira Pérez, en representación de D^a. M^a. Teresa Eiras Criado, solicitando que sexa resolto o escrito do 12.12.2014.

Con data 29.01.2015, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 1500121128) o escrito presentado na Subdelegación do Goberno en Ourense o día 23.01.2015 por D. Eduardo

Mazaira Pérez, en representación de D^a. M^a. Teresa Eiras Criado, solicitando que sexa resolto o escrito do 12.12.2014.

O día 02.02.2015, a tax da Oficina de Licenzas asina dilixencia de remisión de documento á Oficina de Servizos Técnicos para que informen da situación das obras de urbanización da rúa Francisco de Sales.

Con data 17.02.2015, o Xefe de Urbanización e Infraestruturas emitiu o seguinte informe: “En visita efectuada el pasado día 5 de Febrero, he podido comprobar que entre el denominado Camino Privadoi Pombal y la rúa Francisco Sales, no existen canalizaciones que discurran de un vial a otro. En su momento, y dada le sentencia recaída sobre dicho camino privado, citada en los escritos N^o. Doc. 140154130, 140154036, 150011605, y 150012128, fueron retiradas las canalizaciones de saneamiento y abastecimiento. En la actualidad, una valla metálica impide el tráfico rodado entre ambos viales, no existiendo posibilidad de que el tráfico que circula por las calles que integran la denominada Residencia Finca Dos Aires, en realidad la actuación Plan Parcial O Pombal, circule desde la rua Francisco Sales hacia el Camino Privado Pombal. Con respecto a la reposición del talud al que también se alude en los escritos antes citados, el Técnico que informa desconoce ni su ubicación, ni su naturaleza, que en cualquier caso debería ser acreditada por la propiedad reclamante”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

I. Normativa examinada:

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDUG)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RLHU)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

- *Instrucción 2/2012, relativa á revisión do protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local, 27.02.2012; BOP nº. 104 do 31.05.2012)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010.*

II. Presupostos da revisión de oficio de actos administrativos e calificación do recurso

De conformidade co establecido no artigo 102.1 da LRXAP-PAC, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que tiveran posto fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1 da LRXAP-PAC, sendo procedente, ante a falta de concreción da acción exercitada, que pola Administración Pública se califique o recurso á vista do seu verdadeiro carácter.

As facultades de revisión, de acordo co artigo 106 da LRXAP-PAC, non poderán ser exercitadas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fé, ao dereito dos particulares ou ás leis.

Trátase dun procedemento contemplado para evitar a pervivencia no ordenamento de actos ou disposicións afectados por algunha causa de nulidade de pleno dereito (de natureza extraordinaria e estritamente taxadas) cando aqueles non foran recorridos en prazo, polo que, como reza a sentenza do TS de día 14.04.2010 "(...) la solicitud por parte de un interesado de que la Administración declare de oficio la nulidad de un acto administrativo supone ya, en principio, una previa inacción por parte de dicho interesado, que no interpuso en su momento el correspondiente recurso contencioso administrativo en el que hubiera podido alegar todo cuanto a su interés conviniera. Esto explica que la revisión de oficio se circunscriba a causas tasadas de nulidad de pleno derecho y que haya de ser interpretado de forma rigurosa (...)". O exercicio desta acción require ademais a concorrencia dun interese lexítimo no accionante.

Así pois, como fundamentación da solicitude presentada, se afirma a titularidade privada de determinado terreo, xuntándose, con tal obxecto, sentenzas de instancia e apelación (copias non autenticadas) correspondentes a procedementos xudiciais nos que non foi parte o Concello de Vigo. Con todo, examinado o seu contido parece xa partirse nelas de que os terreos obxecto da litis estaban emprazados fóra do Plan Parcial O Pombal (cita do FX3º sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº. 2 de Vigo de 18.04.2006: "...Así se desprende no solo de la documental aportada a autos, consistente en diversas escrituras y certificación registral, sino también de los planos catastrales, certificación del Ayuntamiento, de la pericial aportada por la parte actora y de la propia declaración de la perito y testifical del Sr. Alonso Pena quien reconoce que la propiedad de la demandante no está incluida en el Plan Parcial "O Pombal" ..." -ningún destes documentos se xunta-). Trátase, doutro lado, de sentenza recaída en xuízo verbal -e apelación- (diferente de declarativo) para a efectividade de dereitos reais inscritos (sen efecto de cousa xulgada, de acordo co artigo 447.3 da LEC), carecendo esta Administración de competencia algunha para deducir cuestións de estrita natureza civil. E, en idéntico sentido ao expresado no FX transcrito, afirma a interesada en escrito presentado o día 26.04.2013 (doc. 130047130) que "La calle Francisco de Sales , antigua calle Finca de Aires, es de titularidad privada y además según sentencia judicial en firme(se adjunta), no se incluye dentro de la urbanización".

Ademais, os técnicos municipais informaron en datas 04.07.2013 e 17.02.2015 que os terreos de referencia (reclamados pola solicitante como de titularidade privada) se emprazan fóra do ámbito do Plan Parcial O Pombal, sinalándose neste último informe que no seu momento foron retiradas as canalizacións de saneamento e abastecemento.

Polo demais, a obra urbanizadora que afecta ao vial con fronte aos sólidos 90 a 100 e 101 a 111 do proxecto de compensación (vial C4 do proxecto de urbanización), foi recibida o día 17.07.2006 en acordo da Xunta de Goberno Local, considerando o seu carácter público por efecto do disposto no artigo 118 da LOUGA, en cuxa virtude a aprobación definitiva do proxecto de compensación produce a transmisión ao municipio, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ao patrimonio do solo e a súa afectación aos usos previstos no planeamento.

O proxecto de urbanización que sustenta a recepción das obras de urbanización e do que parten os técnicos municipais para a emisión dos informes que corresponda, aprobouse inicialmente o día 05.03.1999 polo Consello da Xerencia de Urbanismo, así como o seu complementario de urbanización do Camiño Baixada á Pontenova, acordándose a apertura dun trámite de información pública, anunciado no Faro de Vigo e a Voz de Galicia do 19.03.1999 e no DOG núm. 60 do 29.03.1999, sen que foran presentadas alegacións. O acordo de aprobación definitiva publicouse no DOG nº. 139, do 21.07.1999, sen que fora impugnado pola agora solicitante. Consta tamén a adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local o día 21.03.2005 de inadmisión dun recurso interposto en vía administrativa por un administrado fronte ao proxecto de urbanización por cuestións similares ás reflectidas pola agora solicitante e referidas á mesma vivenda.

O camiño aludido na solicitude que nos ocupa, segundo informan os técnicos municipais, está fóra do Plan Parcial O Pombal e linda co vial C-4 do proxecto de urbanización cuxas obras foron recibidas pola XGL o 17.07.2006, contando as vivendas que dan fronte a él con informe favorable á concesión de licenza de primeira ocupación o 19.10.2006, así como resolución favorable (de acordo co programa de xestión de expedientes).

Conseguentemente, cómpre sinalar que o artigo 102.3 da LRXAP-PAC dispón que o órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade do previo ditame do Consello Consultivo, cando non se fundamentasen en ningunha das causas de nulidade previstas no seu artigo 62 ou careceran manifestamente de fundamento, así como cando fóran desestimadas en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

O elemental principio de seguridade xurídica esixe para a consideración de solicitudes como a examinada a existencia, cando menos, dunha certa e mínima fundamentación que permitan valorar a concorrencia dos vicios de nulidade previstos na lei, sendo así que, conforme reza a sentenza do TS do 18.12.2007: “debe aparecer ya, desde esta perspectiva inicial, una apreciable configuración fáctica de la que poder deducir, con los habituales criterios de la lógica jurídica, la posibilidad de integrar o acreditar, a lo largo del procedimiento que se inicia, los diversos requisitos que las causas de nulidad requieren; ha de contarse, en consecuencia, con algún dato relevante del que poder deducir, con un cierto grado de certeza, la concurrencia de los elementos determinantes de las causas de nulidad alegadas”.

Tendo en consideración os informes técnicos obrantes no expediente e non fundamentándose a revisión de oficio en ningunha das causas previstas legalmente para este tipo de procedementos, concorrería o suposto previsto no artigo 102.3 da LRXAP-PAC.

Noutra orde de cousas, cómpre subliñar, a respecto das edificacións con fronte ao un camiño privado en solo urbano consolidado (sen entrar a valorar a adecuación da categorización urbanística), que o artigo 19 da LOUGA establece como obriga dos propietarios de solo urbano consolidado, entre outras, a de completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os mesmos acaden, se aínda non a tiveran, a condición de soar (para o que resulta preciso ter fronte a vial público). A tal efecto, deberán custear os gastos de urbanización precisos para

completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento e ceder gratuitamente ao municipio os terreos destinados a vias fóra das aliñacións establecidas no plan.

IV. Órgano competente

É competente para adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 punto 1, letra k) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU en cumprimento dos Estatutos da XMU.

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Inadmitir a trámite a solicitude de revisión de oficio do acordo de recepción da obra de urbanización formulada en escrito con entrada o día 17.12.2014 no Rexistro xeral da XMU (doc. 140154036) presentado no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno en Ourense o 12.12.2014 por D. Eduardo Mazaira Pérez, en representación de D^a. M^a. Teresa Eiras Criado.

SEGUNDO: Notificar este acordo á solicitante, significándolle pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado en ambos casos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo de que poda exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente, de acordo co artigo 58.2 da LRXAP-PAC."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión ordinaria do día 22.05.2015 acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.